

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE DECEMBRO DE 2023

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00052172N.

[Aprobación de actas de sesións anteriores]

Apróbanse as actas das sesión do 27 e do 4 de novembro de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041535D.

[Licenza para reforma e rehabilitación enerxética da vivenda sita na rúa Francés, 6.]

Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan López Villanueva de data de visado do 11/08/2021 e documentación presentada o 07/04/2022 e o 27/11/2023, cun orzamento de execución material de 129.982,55 €, a reforma e rehabilitación enerxética de vivenda sita na rúa Francés, 6 Santiago de Compostela (A Coruña) coa condición de eliminar o oco exterior da edificación auxiliar.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00009831C.

[Rehabilitación vivenda familiar entre medianeiras sita na rúa da Angustia, 39.]

Concédesese licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Alberto Quintáns Arrondo e Cristina Margarita Ansele Viz, con selo de entrada no servizo de Urbanismo de data 28/02/2022, con documentación complementaria de data 06/06/2022 e 16/05/2023, cun orzamento de execución material de 136.645,86 €, a rehabilitación de vivenda familiar entre medianeiras sita na rúa da Angustia, 39 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00000961F.

[Licenza de legalización de obras de ampliación e reforma de nave de almacenamento loxístico na RÚA VÍA LA CIERVA, 34]

Concédesese licenza de obras para legalización de ampliación e reforma interior de nave destinada a almacenamento de produtos para a súa posterior distribución e oficinas na RÚA VÍA LA CIERVA, 34 parcela 209 do Polígono do Tambre con referencia catastral 8820001NH3582S0002YD, achegando Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Félix Ledo Pernas e a arquitecta técnica Lucía Carril Méndez co visado colexial de data 02/01/2023, cun orzamento de execución material de 47.761,29 €.

Como resultado da legalización a nave pasa a ter unha superficie construída de 24.718,87 m², distribuídos en: 23.279,05 m² en planta baixa, destinados a almacén de loxística e 1.439,52 m² na planta alta destinado a oficinas e vestiarios.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza A do Plan Especial para a ordenación do sistema xeral SU-3, Servicios urbanos de abastecemento.

5. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00046589H.

[Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación.]

Declárase a ausencia de conflito de intereses en relación ao expediente recollido no punto 6 desta Xunta de Goberno.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00021797C.

Adxudicación do contrato das Obras de rehabilitación integral do Pavillón Municipal de Vite, cofinanciado polos Fondos NextGeneration. |

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras de rehabilitación integral do Pavillón Municipal de Vite a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. que oferta unha proposición económica de 999.762,58 euros sen IVE, que cun IVE do 21% por importe de 209.950,14 fai un total de **1.209.712,72 €**.

PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A amplía o prazo de garantía en 5 anos por riba do mínimo esixido e incrementa o orzamento de control de calidade nun 2% sobre o 1% obrigatorio fixado nos pregos e o orzamento do programa de actuación ambiental sobre o proxectado nun 2%.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 1.209.712,72 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 93302 6320001 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 1), de acordo coa seguinte desagregación: 2023 - 100.809,39 €: 2024 1.108.903,33 €. TOTAL 1.209.712,72 €.

Este contrato está cofinanciada polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, no Proxecto código: PL_01-20220425-1 e Subproxecto código: PIREB L1 Concello de Santiago de Compostela C2I5PL/22/00820.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00009738Z.

Adxudicación do contrato do Servizo de voz e datos para o Concello de Santiago de Compostela. |

Rectifícase o acordo da Xunta de Goberno Local de Aprobación do Expediente de data 31/07/2023, de xeito que, onde dicía:

“Terceiro: Autorizar un gasto total por importe de 1.277.938,26 € que se imputa á aplicación orzamentaria 2023 030 92001 2220000, coa seguinte desagregación por anualidades:

2024 319.484,57 €

2025 319.484,57 €

2026 319.484,57 €

2027 319.484,57 €

TOTAL 1.277.938,28 €

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º da LCPS e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo) e no artigo 79 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de presupostos.

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, tamén, ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.”

Debería dicir:

“Terceiro: Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o

han de financiar ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º da LCPS e no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo) e no artigo 79 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de presupostos.

A desagregación por anualidades para a execución deste contrato é a seguinte:

2024 319.484,57 €

2025 319.484,57 €

2026 319.484,57 €

2027 319.484,57 €

TOTAL 1.277.938,28 €

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, tamén, ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.”

8. DEPORTES. Referencia: **2023/00052060S.**

Validación da omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2023/3687 emitida pola mercantil Prezero España S.A.U., en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de xuño do ano 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de xuño do ano 2023.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (13.264,17 euros), segundo a factura F/2023/3687 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de xuño de 2023, a favor da empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: **2023/00052016V.**

Validación da omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable de facturas S/2023/324, que comprende 14 facturas da UTE Telefónica España, SAU – Telefónica Móviles, SAU.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA MIL TRESCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (60.392,16 €) segundo relación contable de facturas S/2023/329 que se achega no expediente, e que comeza pola factura núm. F/2023/3853 por importe de 4.855,96 e remata pola factura núm. F/20223/5177 por

importe de 4.584,84, todas elas emitidas por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00052162W.**

[Validación da omisión da función interventora: 2023 1726 Informe OFI Talleres Electromagnéticos de Pontevedra- TRUCKING xullo, agosto e setembro 2023 F-2023-4023, F-2023-4437, F-2023-4948]

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CATRO MIL NOVECENTOS CATORCE CON NOVE CÉNTIMOS DE EURO (4914,09 €) segundo relación contable relativa ás facturas F/2023/4023, F/2023/4437 E F/2023/4948 expedidas por TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA SC, por un importe mensual de 1.638,03 € para cada un dos tres meses, e cun importe total de 4914,09 € en concepto de servizo de comunicacións trunking correspondente a xullo, agosto e setembro de 2023.

Terceiro: dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00025748S.**

[Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o ano 2023.]

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cento dezasete mil catrocentos vintedous euros con trinta e cinco céntimos de euro (117.422,35 €), sendo a subvención de cento vinte mil euros (120.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800012 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

12. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00027432C.**

[Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 31 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para o ano 2023.]

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 31 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de dous mil euros (2.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800022 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

13. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00026541A.**

[Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 7 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago para o ano 2023.]

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 7 de agosto de 2023

entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mil euros (60.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800013 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

14. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: **2023/00020129P.**

Apróbar a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación Coordinadora Galega de Organizacións non gubernamentais para o Desenvolvemento, ano 2023.

Acórdase:

Primeiro: aprobar a xustificación do convenio coa asociación Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento, no que se recolle una subvención nominativa por valor de 15.000,00 € con cargo á aplicación 020 23103 4800001 para o ano 2023.

Segundo: trasladar este acordo ao departamento de Servizos Económicos, para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 020 23103 4800001 dos orzamentos municipais de 2023.

Terceiro: notificar esta resolución ás persoas interesadas.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2022/00055474Y.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no AP 4074/2023 TX do PO 065/2020 CA2 | Sentenza nº 382/2023

AP 4074/2023 TSX, PO 065/2020 CA2

Obxecto: declaración de ineficacia de comunicación previa.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00013810Z.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 85/2023 CA2 | Sentenza nº 246/2023

PA 085/2023 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

17. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00052172N.**

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre os días 1 e 6 de decembro de 2023, ámbolos dous incluídos.

URXENCIAS

1. XESTIÓN DO PEROSAL. Referencia: **2023/00045590P.**

Aprobación da oferta pública de emprego do Concello para 2023.

Acórdase aprobar a Oferta de Emprego Público 2023 do Concello de Santiago de Compostela, co seguinte contido:

A) Quenda libre.

PERSONAL FUNCIONARIO: Administración xeral

| Nº prazas | Denominación | Escala | Subescala | Clase | Grupo |
|-----------|---------------------------|--------------|----------------|-------|-------|
| 1 | Administrativo/a | Admón. Xeral | Administrativa | | C1 |
| 1 | Auxiliar Administrativo/a | Admón. Xeral | Auxiliar | | C2 |

PERSONAL FUNCIONARIO: Administración especial

| Nº prazas | Denominación | Escala | Subescala | Clase | Grupo |
|-----------|------------------------|-----------------|-----------|---------------|-------|
| 1 | Enxeñeiro/a técnico/a | Admón. Especial | Técnica | Técnico medio | A2 |
| 1 | Arquitecto/a técnico/a | Admón. Especial | Técnica | Técnico medio | A2 |

PERSONAL FUNCIONARIO: Policía Local e Extinción de Incendios e Salvamento


| Nº prazas | Denominación | Escala | Subescala | Clase | Grupo |
|-----------|-------------------------------|-----------------|--------------------|---------------------|-------|
| 5 | Policía | Admón. Especial | Servizos Especiais | Policía Local | C1 |
| 3 | Bombeiros/as Condutores/as | Admón. Especial | Servizos Especiais | Extinción Incendios | C2 |

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2021/00038019N.**

Imposición de penalidades, por importe de 20.000 €, á empresa que presta os servizos de axuda no fogar por ter cometido unha infracción moi grave durante a execución do contrato.

Acórdase:

Primeiro: desestimar as alegacións presentadas o 4/12/2023 por SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL, respecto do expediente de imposición de penalidades ao quedar acreditado, ao abeiro do establecido na cláusula 25 do PCAP - apartados b) e



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

g) - un incumprimento moi grave na prestación do servizo de axuda no fogar imputable ao contratista.

Segundo: impoñerlle a **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL** unha penalidade de 20.000 euros por incumprimento moi grave na execución do contrato polos motivos que se indican nos antecedentes deste acordo. A penalidade farase efectiva mediante dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista no primeiro pago que se lle efectúe.

Terceiro: notificar este acordo a **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SL**, así como aos Servizos Económicos (Intervención Municipal e a Oficina Orzamentaria e Contabilidade).